



CONCELLO
DE
OUROL

27865 OUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-1

R.E.L. 01270386

Tel: 982 559 109

Fax: 982 559 002

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS PARA O EXERCICIO 2026

PRIMEIRA.- DEFINICIÓ DO OBXECTO

As axudas reguladas na presente convocatoria teñen por obxecto compensar aos titulares de explotacións gandeiras de gando vacúnsitas no concello de Oourol por perdas derivadas da morte de reses correspondentes ao exercicio 2026.

Entenderase por explotación gandeira o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade gandeira e que constitúa en si mesma unha unidade técnico-económica na que se teñan, críen ou manipulen animais, sen prexuízo da súa división, por razóns técnicas, en diferentes unidades de produción.

Considerase gasto subvencionable o gasto en que poida incurrir durante todo o ano o titular da explotación gandeira pola perda derivada da morte de reses.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das axudas as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados todos os seus membros (no caso de persoas xurídicas) no concello de Oourol e que a explotación se atope dentro do termo municipal. (CEA 27038).

O solicitante deberá estar ao corrente do pagamento dos tributos do concello de Oourol e a tal efecto a formulación da solicitude da axuda presupón a autorización para recoller a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO, TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO

A contía máxima prevista para esta actuación na presente convocatoria é de seis mil euros, (6.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 412.479 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2026.

Ao tratarse dun procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da aplicación orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar desta subvención.

CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes Bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

De conformidade co disposto no artigo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no preceptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puideran establecerse para verificar a súa existencia.

Carles...
M. Com...

QUINTA.- CONTÍA DA AXUDA

A axuda alcanzará como máximo un número de catro reses por explotación neste ano 2026, ou ata esgotar a partida orzamentaria, e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

IDADE	AXUDA €
Menos de 1 mes	40,00 €
Entre 1 e 6 meses	70,00 €
Entre 6 e 9 meses	100,00 €
Entre 9 meses e 2 anos	150,00 €
Entre 2 e 4 anos	170,00 €
Entre 4 e 7 anos	150,00 €
Entre 7 e 10 anos	100,00 €
Entre 10 e 14 anos	70,00 €
Máis de 14 anos	0,00 €

Se algún solicitante é propietario de máis dunha explotación, o número máximo de reses para os que pode solicitar a axuda será de sete reses en total, (7).

SEXTA.-REQUISITOS DO GANDO OBXECTO DA AXUDA

Para ter dereito á subvención no que atinxe ao gando comprado, deberá ter unha estadía mínima de seis meses na explotación do solicitante.

SÉTIMA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Data límite de presentación das solicitudes: O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2026.

Os interesados en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo concello.

O impreso de solicitude atópase a disposición dos interesados e poderá presentarse no Rexistro do concello de Ourel dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do concello de Ourel.

As solicitudes deberán presentarse antes de que transcorran dous meses dende a data da morte do animal obxecto a axuda, agás as producidas no primeiro trimestre do ano que terán de prazo para formular a solicitude ata o día vinte e nove de maio.

OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- Modelo de solicitude a facilitar polo concello.
- DNI/CIF do solicitante.
- Certificación de empadramento ou autorización do solicitante para comprobar os seus datos no Padrón de habitantes municipal.
- Impreso oficial acreditativo da recollida do animal morto para o seu traslado á planta de residuos homologada.
- Documentación acreditativa da titularidade do animal morto (DIB).
- Certificación da entidade bancaria indicando o número de conta do solicitante.

Artesanía Comercial



CONCELLO
DE
OOUROL

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-1

R.E.L. 01270386

Tel: 982 559 109

Fax: 982 559 002

.- Declaración xurada de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade de ningunha Administración Pública, no modelo facilitado polo concello, nin de que se vaia solicitar despois no caso de ser concedida a axuda municipal.

.- Declaración responsable por parte do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da solicitude de axuda implicará a autorización ao concello de Oourol para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante ou do gando necesarios para determinar ou non a obtención da axuda.

NOVENA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.

1º.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta ou non se achegara toda a documentación esixida, requirirase ao solicitante para que no prazo de cinco días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, considerarase desistido da súa petición, despois de resolución que deberá ser emitida nos termos previstos.

2º.- A instrución do procedemento corresponderá á Concellería delegada do Medio Rural, que ditará o Informe-Proposta de resolución debidamente motivado que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formular a proposta de resolución.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao órgano competente, Alcalde-Presidente ou Xunta de Goberno Local, segundo a distribución de competencias que estea vixente en cada momento.

3º.- Poderá procederse á anulación do saldo do crédito autorizado xunto co acordo ou resolución de concesión da última solicitude que se presente no exercicio, sen prexuízo das reclamacións que puidesen presentarse, debendo o órgano xestor facer mención deste extremo no seu Informe-Proposta.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

UNDÉCIMA.- TRAMITACIÓN E PAGAMENTO.

O pagamento das axudas realizarase mediante transferencia bancaria, en función das dispoñibilidades da tesourería municipal, unha vez que o órgano competente para a súa resolución, adopte o acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

*Car. Reyis
Al. Concello*

.- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios co concello de Oourol.

.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.

.- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, deberes e condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado.

DUODÉCIMA.- DEBERES DOS BENEFICIARIOS.

Son deberes dos beneficiarios das axudas os seguintes.

1º.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos na presente convocatoria.

2º.- A presentación da solicitude obriga ao solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento.

3º.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano competente.

DÉCIMOTERCEIRA.- VERIFICACIÓN E CONTROL.

A adxudicación deste tipo de axudas poderá ser revogada total ou parcialmente, abonado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión se incorrese en ocultación ou falseamento de datos.

DÉCIMOCUARTA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS.

As presentes axudas están no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o concello de Oourol está obrigado a facilitar información da concesión das presentes axudas á Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Porén, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvenciones e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas non será obrigatorio subministrar por parte do concello información das resolucións de concesión das axudas nin do pagamento das mesmas sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario/a non supere a cantidade total de 100,00 euros.

Oourol, dezasete de febreiro de dous mil vinte e seis.

O alcalde-presidente

Asdº.- José Luis Pajón Camba

DILIXENCIA, esténdoa eu, Secretaria-Interventora para facer constar que as presentes Bases, co seu anexo, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día vinte de marzo de dous mil vinte e seis.

A secretaria-interventora

Asdº Maria Jesús Mosquera Carregal



CONCELLO
DE
OUROL

27865 OUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-1

R.E.L. 01270386

Tel: 982 559 109

Fax: 982 559 002

**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE
GANDO VACÚN – ANO 2026**

NOME E APELIDOS // RAZÓN SOCIAL:
DNI // CIF:
ENDEREZO:
TELÉFONO:
CODIGO DE EXPLOTACIÓN:
CROTAL DO ANIMAL PARA O QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN:
DATA DE NACEMENTO DO ANIMAL PARA O QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN:
DATA DA MORTE DO ANIMAL PARA O QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN:
ENDEREZO DA EXPLOTACIÓN:

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario da axuda solicitada.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS:

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. *(De non autorizar a consulta deberá achegar o documento correspondente).*

- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social, AEAT e Concello de Oourol.
- SI, dou consentimento para que se comprobén os meus datos no Padrón de Habitantes do Concello de Oourol.
- SI, dou consentimento para que o persoal que determine a Concellería delegado do Medio Rural acceda á OVGAN (Oficina Virtual Gandeira) a través do meu NIF e PIN, para descargar, se é o caso, documentación solicitada nesta subvención.

*Antes
An. Comen*

EN RELACIÓN CON OTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE:

- NON solicitei nin se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para o cal solicito esta subvención. Non vou solicitar ningunha outra axuda no caso de ser concedida a axuda municipal.
- SI solicitei e me foi concedida outra axuda para este mesmo concepto para o cal solicito esta subvención (*especificar cal*):

Ourol, de de 202

O/a solicitante

Asdo. _____



De acordo co establecido no RXPB e na LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Ourol con dirección en Estrada Xeral s/n, CP 27865, en Ourol (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión da súa solicitude segundo o programa de axuda a gandeiros por morte de gando vacún. Vostede ten dereito a acceder, rectificar, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://ourol.sedelectronica.gal/info.0>.